



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA DOS DÍAS 22 E 23 DE XANEIRO DE 2025 NO TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA

EXPEDIENTE: 2025/E007/000001

Por ausentarme da Alcaldía nos días 22 e 23 de Xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no artigo 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; e no artigo 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidade locais, e visto que o 1º e 2º tenente de Alcaldía se atopan ausentes por motivos persoais, en esta data ACORDO:

PRIMEIRO.- Delegar as funcións da Alcaldía nos días 22 e 23 de Xaneiro no 3º tenente de alcalde, D. Manuel Ferreiro Marzoa.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente ao demais tenente de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto que o abaixo asinante alcalde se incorpore ás súas funcións antes de ter transcorridos os días expresados no apartado núm. 1 da parte resolutive deste Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

SEGUNDO. Que as resolucións administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, se notifiquen ao interesado con indicación de dita circunstancia.

TERCEIRO.- Notificar o presente Decreto ao interesado, procedéndose a súa publicación no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, dándose conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde Roberto Rey Martínez, ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.